

Configuración avanzada do cliente NFS dentro do dominio

Sumario

- 1 Problemas co acceso ás carpetas persoais
 - ◆ 1.1 Inicio de sesión do usuario administrador
 - ◆ 1.2 Creación dun novo usuario local
- 2 Como resolver estes problemas
- 3 Permisos por defecto das carpetas persoais
- 4 Agregar accesos directos ás carpetas montadas por NFS

Problemas co acceso ás carpetas persoais

- En principio parece que montar en /home pode ser unha solución adecuada, pero imos ver algúns problemas.

Inicio de sesión do usuario administrador

- Vemos que ao acceder co usuario local administrador, xa non ten acceso a súa carpeta persoal, e accede á carpeta persoal do usuario administrador do servidor, aínda que non son o mesmo usuario.

Creación dun novo usuario local

- Non podemos crear usuarios locais, xa que non se pode crear as súas carpetas persoais.

Como resolver estes problemas

- Imos montar as carpetas dos usuarios do dominio en /home/iescalquera, e así evitamos conflitos cos usuarios locais.
- No cliente, desmontamos a carpeta /home. Teremos que entrar como *root* para poder desmontala, xa que senón estará en uso:

```
umount /home
```
- No servidor, desmontamos a carpeta /home co webmin (Sistema->Sistemas de arquivos de disco y red). Non podemos ter aberta sesión co usuario administrador, xa que así non poderemos mover o directorio /home. REVISAR, porque parece que hai que desmontar varias veces ata que a quita.
- Montar a partición que almacena as carpetas persoais dos usuarios en /home/iescalquera.
- Movemos a carpeta do usuario administrador a /home (Faríamos o mesmo con todos os usuarios locais que puideramos ter no servidor). Usamos o módulo de Explorador de arquivos do webmin, na categoría Outros.
- Xa podemos iniciar sesión no servidor co usuario administrador.
- Agora temos que cambiar o directorio home dos usuarios do dominio:
 - ◆ Con JXplorer
 - ◆ Cos comandos `ldapsearch` e `ldapdelete`:
 - ◇ Exportamos a rama de usuarios a un ficheiro LDIF (Identificámonos como administrador para poder ver os contrasinais dos usuarios):

```
ldapsearch -D cn=admin,dc=iescalquera,dc=local -W -H ldap://localhost -b ou=usuarios,dc=iescalquera,dc=local > usuarios.ldif
```

- ◆ ◇ Borrado recursivo da rama de usuarios:

```
sudo ldapdelete -x -D cn=admin,dc=iescalquera,dc=local -W -r "ou=usuarios,dc=iescalquera,dc=local"
```

- ◆ ◇ Usamos o editor `sed` para substituír /home por /home/iescalquera

```
sed 's/\/home/\/home\/iescalquera/' usuarios.ldif > usuarios2.ldif
```

- ◆ ◇ Co comando ldapadd engadimos de novo as novas entradas:

```
sudo ldapadd -x -D cn=admin,dc=iescalquera,dc=local -W -f usuarios2.ldif
```

Exportar por nfs /home/iescalquera no servidor con webmin. Modificamos a exportación de /home cambiando o directorio a exportar. Picamos en **Aplicar Cambios**

No cliente crear a carpeta /home/iescalquera e montar por nfs no fstab a carpeta /home/iescalquera do servidor:

```
sudo mkdir /home/iescalquera
```

Liña no fstab:

```
10.0.0.100:/home/iescalequera /home/iescalquera nfs
```

Executamos o comando para montar a carpeta:

```
sudo mount -a
```

Permisos por defecto das carpetas persoais

Agregar accesos directos ás carpetas montadas por NFS

Ficheiro .gtk-bookmarks

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez -- (28 feb 2010)